

## ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL DO DÍA 30 DE ABRIL DE 2024

(Aprobada na reunión da Comisión do día 1 de abril de 2025)

**Hora de inicio:** 10:00 h  
**Hora de remate:** 11:30 h  
**Lugar:** Sala de reunións do 2º andar do Edificio Exeria

### Membros:

Pola Universidade:  
- Yolanda T. Lesmes Romero (Xerente)  
- Ángel Nieto Rodríguez (Vixerente)  
- Antonia Melón Amor  
- Manuel Valebona Refojos (secretario)

Polos Comités de Empresa de PAS de Ourense e Pontevedra:  
- José Estévez Vázquez (Non asiste)  
- Carlos Román Lago (Non asiste)  
- Luís Pérez Gómez (Non asiste)

Pola Xunta de PAS:  
- Xoán M. Cebro Rodríguez  
- María José Ríos Santomé  
- José Manuel Sónora Abeijón

Pola Xunta de PDI:  
- Generosa Fernández Manín (*Escusa a súa ausencia*)  
- María Montero Muñoz  
- Miguel González Loureiro

Polos Comités de Empresa de PDI de Ourense e Pontevedra:  
- Nicolás Ramos Berdullas (*Escusa a súa ausencia*)  
- Pedro González Santamaría  
- Silvia Pérez Freire

### ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da reunión anterior (28/04/2022).
2. Análise da proposta do Comité de PDI laboral Pontevedra-Vigo, do 2 de maio de 2022.
3. Análise da solicitude de axuda para sufragar parte dos gastos do Campus Camp 2024 (Piscinas).
4. Aprobación, se procede, da convocatoria de Axudas Fondo Social 2022 (gastos 2021).
5. Rogos e preguntas.



## 1. Aprobación da acta da reunión anterior (28/04/2022)

A xerente inicia a reunión preguntando ás e aos membros da Comisión se aproban a acta da sesión anterior.

María Montero expón que só recibiu parte da documentación da reunión. O secretario explica aos asistentes que é certo que coa convocatoria se enviaron só os documentos relativos aos puntos 2 e 3 da orde do día, que son documentos dos que non teñen coñecemento os membros da comisión. Non obstante, no correo de remisión indicouse que toda a documentación estaba dispoñible na Secretaría virtual, no apartado DOCTAS.

Non habendo alegacións, dáse por aprobada a acta da reunión do día 28 de abril de 2022 por asentimento.

## 2. Análise da proposta do Comité de PDI laboral Pontevedra-Vigo, do 2 de maio de 2022.

A proposta presentada polo Comité de PDI laboral refírese á modificación do punto 4 da convocatoria de axudas do fondo social, **TRATAMENTOS DE SAÚDE**, (páx. 14 e 15).

Por unha parte, no “**Obxecto**” deste tipo de axudas propónse: eliminar a listaxe pechada de tratamentos que figuran na convocatoria, eliminar a obriga de que se atopen cubertos pola Seguridade Social ou as mutuas e engadir a cobertura de probas prescritas por facultativo. O texto proposto é: “*Atender gastos asociados aos tratamentos de saúde ou probas prescritas por facultativo, con informe da necesidade do tratamento, incluíndo especialmente aqueles de carácter psicopedagóxico e fisioterapéutico*”.

A xerente expón que non se poden incluír nas axudas do fondo social aqueles tratamentos que xa están cubertos polo sistema público porque estaríamos incorrendo nun sistema de dobre cobertura. Si se poderían incluír os tratamentos psicopedagóxicos e as probas prescritas por facultativo, pero sempre que non estean cubertas pola Seguridade Social ou por Muface.

María José Ríos di que xa se debateu noutras ocasións a inclusión da fisioterapia na axudas do fondo social e ela sempre mantivo que debería incluírse pola excesiva tardanza do sistema público en prestar este tratamento. A xerente insiste en que non podemos incluír tratamentos xa cubertos polos sistemas públicos.

María Montero di que este listado seguramente se fixo coa intención de que na convocatoria estea moi claro que tratamentos están cubertos para evitar que esta comisión teña que valorar a situación de saúde das persoas que solicitan as axudas, polo delicado que supón tal valoración. A xefa do Servizo de Retribucións e Seguros sociais di que o persoal do seu servizo tampouco está capacitado para facer a citada valoración, polo tanto, as solicitudes que presenten dúbidas teñen que ser revisadas e aprobadas ou non pola comisión. A xerente conclúe que non haberá problema sempre que haxa informe de facultativo e que o tratamento non está incluído no catálogo de prestacións da Seguridade Social ou de Muface.



Polo tanto, acéptase en parte a proposta do Comité, de xeito que o parágrafo que define o obxecto das axudas de tratamentos de saúde queda redactado como segue: *“Obxecto: Atender gastos asociados aos tratamentos de saúde polos conceptos que se enumeran a continuación, incluídos os de carácter psicopedagóxico e probas prescritas por facultativo, e sempre que non se atopen cubertos polo sistema de seguridade social, de Muface ou de calquera outro sistema público obrigatorio.*

Por outra parte, a proposta do Comité de PDI laboral suxire que se elimine da lista de gastos non cubertos as consultas, para que os gastos de consultas pasen a estar incluídos. A xerente reitera que os gastos xa cubertos polos sistemas públicos de Seguridade Social non se poden incluír no fondo social. E as consultas están incluídas, polo tanto, rexéitase a inclusión dos gastos de consultas nas axudas do fondo social.

Por último, acórdase que o punto 2, sobre a documentación específica (páx. 15), queda redactado como xa figuraba no borrador: *“Informe médico que xustifique a necesidade do tratamento prescrito, así como que o mesmo non está incluído no catálogo de servizos do Sergas ou do mutualismo correspondente. Así mesmo, no informe indicárase quen é a persoa destinataria do tratamento.”*

### **3. Análise da solicitude de axuda para sufragar parte dos gastos do Campus Camp 2024 (Piscinas).**

A xerente informa da solicitude remitida polo xefe do Servizo de Extensión Universitaria, de axuda para sufragar parte dos gastos das actividades do Campus Camp de 2024 que se organizan durante os meses de xuño, xullo e setembro, actividade de grande importancia para a comunidade universitaria. O Servizo de Extensión Universitaria achegou dous orzamentos de aluguer de piscina nos campus de Vigo e Ourense por un valor total de 4.295,50 euros, importe similar ao aprobado na convocatoria anterior.

A Comisión acorda aprobar a solicitude do gasto por asentimento.

### **4. Aprobación, se procede, da convocatoria de Axudas Fondo Social 2022 (gastos 2021).**

A xerente informa que o texto do borrador da convocatoria de axudas do Fondo social 2022, a falta de incorporar os cambios aprobados no punto 2 da orde do día, é o mesmo que o da convocatoria anterior. O importe do Fondo social é de 179.000 euros que corresponde co importe previsto no orzamento de 2022.

Xoán Cebro di que esta cantidade debería ser superior se se calcula en proporción ao importe actual do capítulo I do orzamento. A xerente responde que o Fondo social inclúe máis axudas que os desta convocatoria, por exemplo, os premios por xubilación ou as matriculas de estudos do persoal.



Xoán Cebro pide que se actualicen os importes da renda per cápita familiar que permiten acceder as axudas (páx. 4), polo menos, co mesmo incremento co que subiron os salarios no ano 2021, porque, se non se actualizan, cada ano haberá menos persoas que podan acceder ás axudas do fondo.

Miguel González Loureiro afirma que a parte social está de acordo en que os importes de renda per cápita familiar se deben actualizar automaticamente.

Xoán Cebro di que a parte social non está de acordo cos tramos.

A xerente está de acordo en que os importes de renda per cápita familiar desta convocatoria se deben actualizar coa subida salarial do ano 2021, que foi do 0,9% segundo a Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

Respecto desta cuestión, acórdase que a renda per cápita se actualice en cada convocatoria de acordo co incremento retributivo do ano ao que se refiren os gastos presentados.

## 5. Rogos e preguntas.

Pedro González Santamaría pregunta como se tramitan as solicitudes en caso de familias con custodia compartida.

A xefa do Servizo de Retribucións responde que, ata o de agora non temos detectado casos deste tipo. Pero se se presenta o caso dunha persoa traballadora con custodia compartida entendemos que para determinar a unidade familiar, no caso de discrepancias co certificado de convivencia, habería que xustificar a custodia compartida.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 11:30 horas.

